



## **RENOVACIÓN POSTOS DA FEIRA PARA O ANO 2024** **(do 1 ó 30 de decembro do 2023)**

Os modelos de solicitudes estarán publicados na sede electrónica do Concello para as persoas xurídicas, e para as persoas físicas que opten por presentala electronicamente, a partir do 1 de decembro de 2023.

A solicitude deberá vir acompañada dos seguintes documentos xustificativos:

- 1.- Fotocopia do CIF/DNI/NIE ou outra documentación válida acreditativa da identidade.
- 2.- Xustificante de alta no epígrafe do imposto de actividades económicas (IAE).
- 3.- Certificado de estar ao corrente no pagamento das cotas do IAE, de ser o caso.
- 4.- Xustificante de alta na Seguridade Social
- 5.- Certificado de estar ao corrente nas cotas á Seguridade Social, Hacienda (AEAT) e Facenda autonómica (ATRIGA).
6. Xustificante de pagamento do último recibo de autónomos, se é o caso.
- 7.- Copia da póliza dun seguro de responsabilidade civil para responder dos posibles danos causados polo exercicio da súa actividade e xustificante de pagamento anual.
8. Unha fotografía tamaño carné en cor actualizada

No caso de **persoas xurídicas** deberán:

- acreditar o poder outorgado á persoa que asina a solicitude de renovación en representación da empresa
- presentar a designación da/s persoa/s física/s que vaia/n exercer a actividade (indicarse nome e apelidos, domicilio para efectos de notificación, NIF e, se é o caso, presentaranse os RNT (TC2) das persoas asalariadas designadas e unha fotografía tamaño carné en cor actualizada).

No caso de postos de **venta de produtos alimentarios**, ademais será necesaria a presentación do carné de manipulador de alimentos da/s persoa/s que vai/n exercer a actividade,

No caso de **uso/instalación de maquinaria**, deberase presentar

- certificado técnico acreditativo do correcto funcionamento da maquinaria e instalacións que se pretenda usar
- seguro que garanta a cobertura de calquera clase de risco e o xustificante do seu pagamento.
- certificado de instalación eléctrico (boletín eléctrico) e de gas, se é o caso, e certificado de extintores.

**Recórdaselle que pode solicitar o fraccionamento do pagamento da taxa para postos na feira a partir do 1 de decembro na oficina de Xestión Tributaria**: o pago sería trimestral nos meses de marzo, xuño, setembro e decembro.

**No caso de que xa teña fraccionado o pagamento da taxa en anos anteriores, non é necesario que o solicite de novo.**